

**ORGANISMO
CONVOCANTE**

Secretaría Xeral da Igualdade

**Proced. SI429A - Axudas do programa EMEGA para fomento do emprendemento feminino.
LIÑA CONCILIA****FINALIDADE DA AXUDA**

Programa de apoio a conciliación do exercicio profesional coa vida persoal e familiar dirixido as empresas que acceden a calquera dos programas das liñas Emprende, Innova ou Activa nas cales existan promotoras con fillos menores de 3 anos, para favorecer o exercicio profesional das emprendedoras que compatibilizan a súa actividade co exercicio da maternidade en idades temperás e/ou nas cales, a través de acordos, convenios ou contratos de teletraballo, se implementen novos sistemas de organización, que comparten flexibilidade no uso dos tempos para a execución do traballo e o desenvolvemento sustentable dos recursos, para facilitar a conciliación da vida persoal e laboral e o exercicio das responsabilidades familiares compartidas do equipo humano que integra a empresa.

RÉXIME DA AXUDA

- Axudas de mínimos.
- Concorrenza competitiva. Criterios de valoración (máximo 100 puntos):
 - a) Emprego feminino creado por conta propia e allea. Máx. 15 puntos.
 - b) Investimento e financiamento. Máximo 15 puntos.
 - c) Contribución a integración laboral de mulleres en situación de especial protección. Máx. 10 puntos.
 - d) Formación e experiencia do equipo promotor. Máx. 7 puntos.
 - e) Carácter innovador do proxecto. Máx. 7 puntos.
 - f) Utilización de factores produtivos locais e comarcais. Máx. 7 puntos.
 - g) Localización do proxecto en zona rural. Máx. 7 puntos.
 - h) Contribución do proxecto ao desenvolvemento sustentable. Máx. 7 puntos.
 - i) Iniciativa empresarial pertencente ao sector de prestación de servizos de conciliación. Máx. 5 puntos.
 - j) Proxecto pertencente a sectores económicos en que as mulleres están infrarepresentadas. Máx. 5 puntos.
 - k) Período de desemprego das promotoras superior ao mínimo exixido. Máx. 5 puntos.
 - l) Grao de elaboración e concreción do proxecto. Máx. 5 puntos.
 - m) Presentación de toda a documentación relativa o procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento do proxecto. 5 puntos.

BENEFICIARIOS

Empresas que opten a calquera dos programas contidos no EMEGA, sempre que se produza algunha das situacións que se sinalan para cada tipo de axuda desta liña:

- a) Que formen parte da empresa promotoras con fillos que non superen os 3 anos na data límite de xustificación.
- b) Que se asine un acordo ou convenio de conciliación para o persoal asalariado, aprobado polos traballadores ou representantes sindicais e vinculante para as partes, para a implementación de novos sistemas de organización que favorezcan a conciliación, a non segregación e que

- comparten flexibilización horaria.
- c) Que se asinen acordos de teletraballo, formalizados de xeito individual, co persoal vinculado a empresa por contrato laboral.

INTENSIDADE DA AXUDA

- Prima de 3.000 € por empresa con promotoras con fillos menores de tres anos.
- Prima de 5.000 € por acordo ou convenio de conciliación.
- Prima de 1.000 € por contrato de teletraballo, para mulleres ou homes, cun máximo de 5.000 €.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 22 de xuño de 2012.